

**Poboación e mercado de
traballo**

4

Capítulo 4. POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

4.1. A poboación galega

4.1.1. Evolución da poboación

Segundo o INE, en Galicia a poboación diminuíu en 2017 respecto a 2016 en 10.186 persoas. A porcentaxe da poboación galega sobre a española baixou do 6,6% de 2001 ao 5,8% en 2017. Esta perda de peso demográfico insírese nunha nidia traxectoria descendente a máis longo prazo.

Dos 2.708.339 habitantes con que contaba Galicia a 1 de xaneiro de 2017, un 30,1% reside en poboacións de ata 10.000 habitantes, un 33,4% en concellos de 10.001 a 50.000 habitantes e un 23,7%, en cidades con máis de 100.000 habitantes.

O cadro 4.1 recolle a evolución demográfica das cinco comunidades autónomas (CC.AA.) máis poboadas, nunha dobre perspectiva temporal: a un prazo máis longo e nos últimos sete anos. Andalucía, Cataluña, Madrid, Comunidade Valenciana e Galicia, por esta orde, concentran 30.093.007 habitantes, un 64,6% da poboación española.

Cadro 4.1

Poboación das 5 comunidades autónomas de mais habitantes, 2001/2011-2017

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Andalucía	7.403.968	8.424.102	8.449.985	8.440.300	8.402.305	8.399.043	8.388.107	8.379.820
Cataluña	6.361.365	7.539.618	7.570.908	7.553.650	7.518.903	7.508.106	7.522.596	7.555.830
C. Valenciana	4.202.608	5.117.190	5.129.266	5.113.815	5.004.844	4.980.689	4.959.968	4.941.509
Galicia	2.732.926	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339
Madrid	5.372.433	6.489.680	6.498.560	6.495.551	6.454.440	6.436.996	6.466.996	6.507.509
España	41.116.842	47.190.493	47.265.321	47.129.783	46.771.341	46.624.382	46.557.008	46.572.132

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes, a 1 de xaneiro de cada ano.
Os datos do 1-1-2017 son provisionais.

Se ollamos a evolución demográfica no século XXI, pode salientarse o seguinte:

- O contraste entre a gran suba da poboación española (5.455.290 habitantes, un 13,2%) e a diminución da poboación galega (24.587 habitantes, un 0,9%).
- Galicia é a única das cinco CC.AA. analizadas que ten menos poboación a 1 de xaneiro de 2017 que no 2000.

Polo que se refire aos últimos sete anos (2011-2017):

- A poboación galega diminuíu durante todo este período (87.083 persoas).
- Galicia é a única das cinco CC.AA. estudadas que baixou a poboación todos os anos.

Aparece a desagregación provincial desta evolución no cadro 4.2, destacando que:

- A poboación baixou nas catro provincias.
- A Coruña e Pontevedra seguen a concentrar máis de dous millóns de habitantes (2.063.025), un 76,2% do total da poboación en Galicia.
- O devalar demográfico en Galicia vaise facendo máis intenso ano a ano, sobre todo nas provincias de Ourense e Lugo, cunha perda de poboación dende 2011 do 6,5% e 5,1%, respectivamente.

Cadro 4.2

Variación anual da poboación. Por provincias. 2011-2017

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
A Coruña	1.147.124	1.143.911	1.138.161	1.132.735	1.127.196	1.122.799	1.120.294
Lugo	351.530	348.902	346.005	342.748	339.386	336.527	333.634
Ourense	333.257	330.257	326.724	322.293	318.391	314.853	311.680
Pontevedra	963.511	958.428	955.050	950.919	947.374	944.346	942.731

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes, a 1de xaneiro de cada ano.

Co obxectivo de facilitar o estudo máis polo miúdo da evolución demográfica nun prazo máis longo, no cadro 4.3. recóllense os datos dende o ano 2000. Isto permite a comparanza da dinámica demográfica de cada provincia coa da poboación total de Galicia. Dende este primeiro ano ata 2017, Galicia perde 23.561 habitantes, aínda que o comportamento é moi distinto por provincias. Na Coruña e Pontevedra prodúcese certo incremento (11.875 e 30.110, respectivamente), mentres que en Lugo e Ourense, a perda é notable (31.985 e 33.561, respectivamente).

Cadro 4.3

Poboación segundo provincia. Galicia. 2000 e 2006-2017

	2000	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
A Coruña	1.108.419	1.129.141	1.132.792	1.139.121	1.145.488	1.146.458	1.147.124	1.143.911	1.138.161	1.132.735	1.127.196	1.122.799	1.120.294
Lugo	365.619	356.595	355.176	355.549	355.195	353.504	351.530	348.902	346.005	342.748	339.386	336.527	333.634
Ourense	345.241	338.671	336.926	336.099	335.642	335.219	333.257	330.257	326.724	322.293	318.391	314.853	311.680
Pontevedra	912.621	943.117	947.639	953.400	959.764	962.472	963.511	958.428	955.050	950.919	947.374	944.346	942.731
Galicia	2.731.900	2.767.524	2.772.533	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes, a 1de xaneiro de cada ano.

A desagregación por grupos quinquenais de idade dos datos da poboación galega a longo prazo figura no cadro 4.4. O notable avellentamento demográfico de Galicia nas catro últimas décadas queda ben reflectido comparando a situación entre 1975 y 2017, mentres que o grupo de idade inferior aos cinco anos representa no último ano o 46,2% da cifra obtida en 1975, o de 85 ou máis anos multiplica por 5,4 en 2017 o valor de 1975.

Cadro 4.4

Serie histórica de poboación segundo grupos quinquenais de idade. Galicia. 1975-2017

	1975	1986	1996	2006	2014	2017
0-4	214.875	150.568	103.229	101.014	106.842	99.400
5-9	219.821	215.900	124.925	99.198	113.601	113.694
10-14	217.574	223.702	163.486	112.212	106.728	110.577
15-19	219.370	220.884	217.072	132.872	104.449	105.293
20-24	197.173	207.804	219.348	171.976	124.527	112.757
25-29	192.774	203.885	203.802	219.911	147.488	129.879
30-34	176.787	185.003	192.931	219.368	193.864	159.645
35-39	162.302	185.753	191.222	211.651	228.450	210.579
40-44	192.459	175.525	174.614	201.146	216.920	223.146
45-49	174.893	153.040	171.756	195.558	208.769	212.323
50-54	159.986	186.948	162.630	174.915	198.164	199.855
55-59	145.229	168.730	141.117	173.410	182.604	192.527
60-64	133.490	150.748	173.818	159.797	168.244	172.725
65-69	126.351	129.685	153.619	140.425	166.170	162.902
70-74	97.096	111.362	128.967	159.504	133.526	152.003
75-79	64.195	88.867	97.586	126.788	130.984	113.807
80-84	33.443	53.833	68.801	90.200	113.480	120.493
85 e mais	21.505	32.247	53.699	77.579	103.885	116.734
Total	2.749.323	2.844.472	2.742.622	2.767.524	2.748.695	2.708.339

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes, a 1de xaneiro de cada ano.

O cadro 4.5 amosa a evolución a longo prazo da distribución da poboación galega por comarcas, no que destacamos as once que a 1 de xaneiro de 2017 teñen máis de 50.000 habitantes. Do estudo dos datos dende 2001 a 2017 cabe salientar o seguinte:

- No eido das provincias de Lugo e Ourense, tan só a comarca da capital de provincia subiu a poboación, mentres que na Coruña aumentou en tres (A Coruña, Compostela e Barbanza) e na de Pontevedra en seis (Vigo, Pontevedra, Baixo Miño, o Condado, O Morrazo e O Salnés).
- Das comarcas das sete principais cidades de Galicia, só a de Ferrol baixou o número de habitantes.
- En varias comarcas galegas (Ortegal, Os Ancares, A Fonsagrada, Quiroga, Baixa Limia, Terra de Caldelas, Terra de Trives, Viana, A Paradanta) a poboación caeu máis dun 25%; e entre un 20%-25% en Terra de Soneira, Xallas, Chantada, O Ribeiro e Terra de Celanova).
- No último trienio (2014-2017), das 53 comarcas tan só subiu a poboación en dúas: A Coruña e Santiago de Compostela.

Cadro 4.5
Poboación segundo comarcas. Galicia. 2001, 2011-2017

	2001	2011	2012	2013	2014	2017
Arzúa	19.184	17.364	17.226	17.057	16.909	16.500
Barbanza	66.323	68.311	68.336	68.199	67.776	66.672
A Barcala	11.800	11.179	11.046	10.940	10.763	10.424
Bergantiños	70.815	70.209	69.834	69.438	68.928	67.357
Betanzos	39.142	39.632	39.419	39.065	38.768	37.975
A Coruña	358.302	396.864	398.025	398.412	397.254	398.730
Eume	28.842	26.391	26.124	25.539	25.490	24.834
Ferrol	162.261	16.251	161.541	160.666	159.422	154.802
Fisterra	25.175	23.677	23.136	22.747	22.461	21.770
Muros	15.981	14.399	14.042	13.785	13.493	12.852
Noia	37.292	35.623	35.269	34.775	34.459	33.527
Ordes	38.193	38.683	38.411	38.153	37.687	36.702
Ortegal	16.923	14.347	13.772	13.166	12.942	12.531
Santiago	146.555	163.576	164.519	164.621	165.083	166.692
O Sar	17.718	16.814	19.730	16.459	16.373	15.922
Terra de Melide	14.820	13.137	12.679	12.379	12.533	12.153
Terra de Soneira	21.694	19.426	19.168	18.706	18.386	17.360
Xallas	16.992	14.961	14.634	14.054	14.008	13.491
Os Ancares	14.238	11.612	11.330	11.153	10.951	10.265
Chantada	17.118	14.835	14.536	14.287	14.055	13.499
A Fonsagrada	7.461	6.043	5.859	5.696	5.563	5.185
Lugo	112.895	120.548	120.737	120.802	120.320	118.906
A Mariña Central	30.457	30.530	30.323	30.106	29.860	29.185
A Mariña Occidental	28.020	27.238	27.140	26.964	26.729	25.929
A Mariña Oriental	17.479	17.231	17.126	16.893	16.741	16.357
Meira	6.706	5.698	5.638	5.552	5.447	5.231
Quiroga	7.245	6.020	5.813	5.721	5.618	5.333
Sarria	26.427	24.511	24.170	23.914	23.720	22.994
Terra Chá	48.801	44.081	43.573	42.912	42.336	40.770
Terra de Lemos	36.089	33.133	32.813	32.333	31.876	30.754
A Ulloa	11.189	10.050	9.844	9.672	9.532	9.226
Allariz-Maceda	15.633	15.151	15.060	14.835	14.637	14.181
Baixa Limia	9.925	8.424	8.212	7.930	7.636	6.936
O Carballiño	30.074	22.240	28.891	28.588	27.979	26.765
A Limia	25.218	23.252	22.823	22.391	21.964	20.658
Ourense	143.142	146.165	146.135	146.190	145.563	144.011
O Ribeiro	20.546	18.861	18.369	17.808	17.195	16.336
Terra de Caldelas	4.647	3.544	3.443	3.314	3.223	2.990
Terra de Celanova	22.894	20.623	20.057	19.324	18.749	17.620
Terra de Trives	5.963	4.789	4.660	4.507	4.430	4.111
Valdeorras	29.126	27.999	27.724	27.369	27.000	26.134
Verín	29.450	28.410	28.261	27.968	27.555	26.022
Viana	8.005	6.802	6.622	6.500	6.362	5.916
O Baixo Miño	45.949	51.116	51.096	50.630	50.402	49.828
Caldas	35.397	35.322	35.154	34.958	34.757	34.197
O Condado	37.998	43.318	42.917	42.790	42.286	41.693
Deza	47.314	44.355	42.630	41.819	41.412	40.310
O Morrazo	79.817	83.669	83.313	83.340	83.613	82.711
A Paradanta	18.118	15.970	14.000	13.497	13.226	12.531
Pontevedra	115.571	124.356	124.075	124.132	124.094	125.278
O Salnés	104.184	111.849	111.541	111.089	110.534	109.882
Tabeirós-Terra de Montes	29.588	28.100	27.489	27.149	26.753	24.223
Vigo	402.240	425.456	426.213	425.616	423.842	422.078

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes, a 1 de xaneiro de cada ano.

4.1.2. A poboación estranxeira

A chegada de poboación do estranxeiro foi moi importante en España, pero non tanto en Galicia, nos últimos anos do século XX e principios do século XXI. Non obstante, a partir de 2010 a suba ralentizouse e comezou a reducirse a partir de 2013. En Galicia o máximo da serie alcázase en 2012 (112.962). Dende entón, produciuse unha redución de 24.994 persoas.

A 1 de xaneiro de 2017 hai 87.189 persoas estranxeiras residindo en Galicia, un 3,2% da nosa poboación total, unha porcentaxe que é a terceira parte da media estatal. Ademais, dende 2013 a 2017 recóllese unha perda de 22.773 persoas en Galicia, un 20,3%.

O cadro 4.6 amosa que:

- A suba continuada da poboación estranxeira feminina residente en Galicia, que comezou na última década do século XX, continuou na primeira década do século XXI, perdendo folgos no bienio 2011-2012 (cun máximo de 54.862 mulleres en 2012). Xa en 2013 comeza a diminuír, primeiro lixeiramente e logo de forma acentuada; o anterior provoca que en 2017 acádase unha cifra de poboación estranxeira de 44.238 persoas (11.080 persoas menos que en 2012).
- A evolución da poboación estranxeira masculina residente en Galicia recolle o mesmo patrón de comportamento que para as mulleres. Foi en 2012 cando acadou o máximo con 56.865 persoas. Como lle pasou ás mulleres, en 2013 a cifra comeza a diminuír. En 2017 o número de estranxeiros varóns foi de 42.951 persoas (13.914 menos que en 2012).

Cadro 4.6

Poboación estranxeira segundo sexo. Galicia. 2001-2017

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Homes	15.658	20.037	25.649	27.746	33.180	35.531	39.632	47.849	53.721	55.223	55.606	56.865	55.389	49.241	45.236	43.453	42.951
Mulleres	17.400	22.425	28.159	30.641	36.183	38.225	41.810	47.719	52.916	54.447	54.862	55.318	54.573	49.004	45.405	44.513	44.238
Total	33.058	42.462	53.808	58.387	69.363	73.756	81.442	95.568	106.637	109.670	110.468	112.183	109.962	98.245	90.641	87.966	87.189

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

A menor intensidade da inmigración na época de crecemento económico, a forte diminución nos últimos anos de cidadás e cidadáns doutras nacionalidades, e a suba das persoas estranxeiras que abandonan a nosa comunidade mostran o menor atractivo de Galicia respecto a outras CC.AA.

A desagregación por provincias e sexos en 2017 da poboación estranxeira residente en Galicia figura no cadro 4.7. A concentración deste colectivo é evidente: as provincias da Coruña e Pontevedra recollen 61.625 persoas estranxeiras (un 70,9% do total galego).

Cadro 4.7**Poboación estranxeira. Por provincias. 2017**

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	15.065	16.456	31.521
Lugo	6.471	6.099	12.570
Ourense	6.312	6.374	12.686
Pontevedra	14.963	15.141	30.104

4.1.3. O censo de residentes no estranxeiro

O INE comezou en 2009 a elaborar o Padrón de residentes no estranxeiro. No tempo percorrido desde entón ata 2017, a poboación galega que reside no estranxeiro subiu en 128.231 persoas, acadando o 1 de xaneiro de 2017 os 511.830 galegos e galegas, o que representa o 21,2% de toda a poboación española residente fóra do país.

A desagregación da orixe das persoas residentes no estranxeiro por provincias mostran que A Coruña e Pontevedra concentran 327.076 persoas (un 63,9% do total), aínda que o peso relativo na colonia exterior galega é maior nas provincias de Lugo e Ourense (moi especialmente nesta última).

4.1.4 Movementos naturais de poboación

Galicia rexistrou no 2017 (primeiro semestre) un descenso absoluto (7.942 habitantes menos); o mesmo sucedeu coas CC.AA. de Castela e León e Asturias. No total estatal, en 2017 houbo unha redución vexetativa de 32.132 persoas, resultado da diferenza entre os 187.703 nacementos e as 219.835 defuncións. O cadro 4.8 resume estes resultados. A perspectiva temporal dos movementos naturais da poboación galega reflíctea o cadro 4.9.

Cadro 4.8**Nacementos, mortes e crecemento natural.
Galicia, España. 1º semestre 2017**

	Nacementos	Mortes	Crecemento natural
Galicia	8.870	16.812	-7.942
España	187.703	219.835	-32.132

Fonte: IGE, INE, Movemento natural de poboación. Datos provisionais.

Cadro 4.9**Movementos naturais de poboación. Galicia. 2011-2017**

	Nacementos	Defuncións	Crecemento natural
2011	21.180	29.879	-8.699
2012	21.089	30.871	-9.782
2013	19.727	30.433	-10.706
2014	19.630	29.929	-10.299
2015	19.427	31.688	-12.261
2016	19.062	31.757	-12.695
2017	8.833	16.677	-7.844

Fonte: INE, Movemento natural da poboación. Para 2017 datos dos dous primeiros trimestres.

Para a análise da situación demográfica, resulta conveniente utilizar datos relativos, xa que desa forma se poderán realizar comparanzas territoriais (cadro 4.10). O habitual é analizar taxas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo por cada 1.000 habitantes.

A taxa bruta de natalidade en Galicia no último ano do que o INE proporciona datos definitivos (2016) foi dun 7,0 por 1.000 habitantes, moi por baixo da media estatal (8,8 por 1.000 habitantes). Galicia é a antepenúltima comunidade autónoma do Estado nesta clasificación (só o dato en Galicia é inferior ao obtido en Asturias e Castela e León).

En relación a taxa bruta de mortalidade (defuncións por cada 1.000 habitantes) o indicador en 2016 para Galicia (11,7 por 1.000 habitantes) foi o máis alto de España.

Os datos a longo prazo para Galicia e cada unha das súas provincias das taxas brutas de natalidade amosan que Lugo e Ourense tiñan este índice demográfico xa moi baixo no ano de partida (1976), cunha grande diferenza respecto das provincias da Coruña e Pontevedra.

A fortísima caída da taxa de natalidade de 1976 a 1996 certifícase cos dous datos:

- Tanto no global galego, como en cada unha das súas provincias (agás Ourense, por só dúas décimas) a taxa bruta de mortalidade pasou á metade.
- A menor taxa de mortalidade provincial de 1976 (Ourense: 11 por cada 1.000 habitantes) está moi por riba da maior taxa provincial de 1996 (Pontevedra: 8,1 por 1.000 habitantes).

A taxa de natalidade mostra unha tendencia crecente ata 2008, ano do comezo dunha forte crise económica e social. Dende 2009 a tendencia das taxas de natalidade foi claramente descendente. Tanto Galicia como todas as súas provincias seguen hoxe con taxas de natalidade inferiores ás de 2008 (8,4 por 1.000 habitantes) e moi por baixo da media estatal de 2016 (8,8 por cada 1.000 habitantes). En 2016 a mellor taxa correspondía á Coruña (7,4 por 1.000 habitantes) e Pontevedra (7,3 por cada 1.000

habitantes). As menores, a Lugo (6,3 por 1.000 habitantes) e, sobre todo, Ourense (5,7 por cada 1.000 habitantes).

Cadro 4.10

Serie histórica. Taxa bruta de natalidade. Galicia. 1976/1981/1986/1991/1996-2016

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
1976	17,3	11,6	11,0	20,0	16,3
1981	13,7	11,0	8,9	14,8	12,2
1986	9,4	8,5	7,4	10,6	9,3
1991	7,9	7,1	6,6	9,2	7,9
1996	6,7	5,4	5,7	8,1	6,9
1997	6,9	5,5	5,6	8,0	6,9
1998	7,2	5,4	5,4	8,5	7,2
1999	7,2	5,4	5,4	8,5	7,2
2000	7,2	5,4	5,4	8,5	7,2
2001	7,2	5,4	5,4	8,5	7,2
2002	7,2	5,4	5,4	8,5	7,2
2003	7,5	5,8	6,1	8,8	7,5
2004	7,7	5,7	5,7	8,9	7,6
2005	7,9	5,9	5,7	9,0	7,7
2006	8,0	5,8	6,1	8,9	7,8
2007	8,0	6,2	6,2	9,0	7,9
2008	8,7	6,3	6,5	9,5	8,4
2009	8,4	6,4	6,2	9,1	8,1
2010	8,2	6,3	6,2	8,8	8,0
2011	8,1	6,3	6,0	8,6	7,8
2012	7,9	6,5	5,9	8,3	7,6
2013	7,4	6,1	5,8	7,7	7,2
2014	7,3	6,3	5,8	7,8	7,2
2015	7,4	6,4	5,8	7,4	7,1
2016	7,4	6,3	5,7	7,3	7,0

Nota: Os indicadores de fecundidade elabóranse a partir dos datos definitivos do Movemento natural da poboación do ano de referencia.

Fonte: INE, Indicadores demográficos.

No que atinxe á evolución a longo prazo das taxas de mortalidade de Galicia e das súas provincias, a partir do cadro 4.11 pódese salientar que:

- Ourense (e sobre todo, Lugo) tiñan este índice demográfico xa moito máis alto en 1976 que as provincias da Coruña e Pontevedra, aínda que as diferenzas non fosen tan acusadas como na análise das taxas de natalidade.
- De 1976 a 2007 medrou a taxa bruta de mortalidade de Galicia (acadando o 11 por 1.000 habitantes) e fíxoo con especial intensidade dende 1986. A comparanza por provincias das taxas de 2006 e 2016 explícita que aumentou nas catro provincias galegas, especialmente en Lugo.

Cadro 4.11

Serie histórica. Taxa bruta de mortalidade. Galicia. 1976/1986/1996/2006-2016

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
1976	8,9	12,0	10,1	8,5	9,4
1986	9,3	12,1	10,9	8,4	9,6
1996	10,2	13,5	13,2	9,1	10,7
2006	10,2	13,8	14,0	9,1	10,7
2007	10,5	13,9	14,3	9,2	11,0
2008	10,3	13,8	14,2	8,9	10,7
2009	10,6	14,1	13,6	9,1	10,9
2010	10,3	13,7	14,0	9,1	10,7
2011	10,3	13,8	14,1	9,1	10,8
2012	10,5	14,6	14,5	9,5	11,2
2013	10,7	14,4	14,0	9,3	11,1
2014	10,6	14,4	13,7	9,1	10,9
2015	11,2	15,2	14,8	9,8	11,6
2016	11,2	15,5	14,9	9,9	11,7

Nota: Os indicadores de fecundidade elabóranse a partir dos datos definitivos do Movemento natural da poboación do ano de referencia.

Fonte: INE, Indicadores demográficos.

O cadro 4.12 permite resumir o comportamento do saldo vexetativo por 1.000 habitantes para Galicia, España e a UE para o período 1975-2016. A negativa taxa de crecemento natural (ou vexetativo) de Galicia en 2016 (-4,7 por cada 1.000 habitantes) contrasta co crecemento cero de España ou da UE.

Cadro 4.12

Saldo vexetativo⁽¹⁾ por 1.000 habitantes. Galicia, España, UE 1975-2016

	1975	1985	1995	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
UE	4,1	2,2	0,4	0,6	0,8	1	1,2	1,1	1,1	1,2	1,0	0,9	-0,4	-0,2	0,0
España	10,4	3,7	0,4	1,8	2,5	2,4	2,9	2,4	2,3	1,8	1,1	0,8	0,7	0,0	0,0
Galicia	6,6	0,8	-3,6	-3,0	-2,9	-3,0	-2,3	-2,4	-2,8	-3,3	-3,7	-3,9	-3,8	-4,5	-4,7

(1) Nacementos menos defuncións.

Fonte: INE (Indicadores demográficos básicos) e Eurostat.

4.1.5. Movements migratorios

No cadro 4.13 aparece a evolución entre 2005-2016 das emigracións, inmigracións e saldo migratorio para Galicia. Centrando o estudo no último ano da serie, a emigración externa foi de 29.532 persoas en 2016, escollendo preferentemente como destino outra comunidade autónoma. Polo que respecta a inmigración externa, a distribución é moi similar entre outra comunidade autónoma e o estranxeiro. En 2016 o saldo migratorio externo resultou negativo en 3.025 persoas.

Cadro 4.13

Emigracións, inmigracións e saldo migratorio. Galicia. 2005-2016

	Emigración externa *	A outra comunidade	Ao estraneiro	Inmigración externa	Doutra comunidade	Do estraneiro	Saldo migratorio externo	Co resto de España	Co estraneiro
2005	22.590	19.509	3.081	39.435	19.602	19.833	16.845	93	16.752
2006	25.281	21.372	3.909	42.882	19.934	22.948	17.601	-1.438	19.039
2007	28.189	22.722	5.467	47.772	21.386	26.386	19.583	-1.336	20.919
2008	26.916	19.481	7.435	44.726	22.561	22.165	17.810	3.080	14.730
2009	28.091	18.716	9.375	38.789	23.654	15.135	10.698	4.938	5.760
2010	28.842	19.672	9.170	35.489	21.611	13.878	6.647	1.939	4.708
2011	29.880	20.563	9.317	34.688	20.841	13.847	4.808	278	4.530
2012	29.441	19.551	9.890	30.687	20.365	10.322	1.246	814	432
2013	30.709	18.970	11.739	27.876	18.608	9.268	-2.833	-362	-2.471
2014	30.154	19.862	10.292	27.875	17.498	10.377	-2.279	-2.364	85
2015	30.707	19.993	10.714	29.933	17.839	12.094	774	-2.154	1.380
2016	29.532	18.745	10.787	32.557	16.821	15.736	-3.025	-1.924	4.949

* A partir do ano 2006, na emigración ao estraneiro inclúense as baixas por caducidade.

Fonte: INE, Estatística de variacións residenciais. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

4.2. Resumo das principais variables laborais

Os datos do cadro 4.14 explicitan os catro compoñentes en que se adoita dividir a poboación de 16 e máis anos, segundo a súa actividade económica.

- A poboación activa galega baixou dende 2012 e por quinto ano consecutivo en 2017, aínda que cada vez menos intensamente. Durante este período diminuíron en 69.400 as persoas activas (un 5,2%).
- A poboación ocupada de Galicia subiu a partir de 2015, despois de cinco anos consecutivos de diminución, o que permitiu acadar en 2017 unha cifra superior ao millón de empregos (1.052.700).
- O paro estimado pola EPA, que medrara no sexenio 2007-2013 (con especial intensidade en 2009 e 2012) diminuíu a partir de 2014, acadando en 2017 as 195.600 persoas, o que mostra unha recuperación do noso mercado de traballo.
- A poboación inactiva sitúase en 2017 nunha cifra similar a 2016, recollendo certo descenso dende 2015 (3.900 persoas).

Cadro 4.14

Poboación de 16 e máis anos, por actividade económica. Galicia. 2011-2017

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Poboación activa	1.316,6	1.317,7	1.290,9	1.273,9	1.260,7	1.256,1	1.248,3
Poboación ocupada	1.089,3	1.047,2	1.006,4	998,0	1.017,2	1.040,6	1.052,7
Poboación parada	227,2	270,5	284,6	275,8	234,4	215,4	195,6
Poboación inactiva	1.086,9	1.077,5	1.091,4	1.094,7	1.097,5	1.093,7	1.093,6

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE. EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

A análise feita pódese inserir nun marco territorial máis amplo, dende a perspectiva nacional e europea. O cadro 4.15 posibilita este exercicio para o período 2013-2017. No conxunto da UE28, Eurostat estima que a poboación activa subiu dende o cuarto trimestre de 2013 ata o mesmo de 2017 en 3,9 millóns de persoas (1,6%). No conxunto

de España, en contraposición, baixou en 349.200 persoas (un 1,5% menos).

Para o total da UE28, Eurostat estima que a poboación ocupada subiu nese mesmo período en máis de 11,3 millóns de persoas, máis do 15% dese emprego xerouse en España (1,8 millóns).

A poboación desempregada na UE28 baixou en 7,3 millóns de persoas no período sinalado; en España o descenso foi de 2,1 millóns (o 29,1% da diminución total).

Cadro 4.15

Balance do mercado de traballo en Galicia, España e UE. 2013-2017

	2013			2014			2015			2016			2017		
	Galicia	España	UE	Galicia	España	UE	Galicia	España	UE*	Galicia	España	UE*	Galicia	España	UE*
Poboación activa	1283,5	22.927,8	235.181,0	1.264,3	22.883,8	235.973,6	1.255,2	22.704,6	237.423,2	1.253,8	22.575,1	238.350,5	1.237,9	22.578,6	239.089,5
Poboación ocupada	1002,6	17.005,2	210.016,9	1.000,4	17.433,7	212.370,5	1.032,5	17.932,2	215.688,8	1.049,6	18.343,9	218.458,4	1.055,8	18.820,3	221.413,7
Poboación desempregada	280,9	5.922,6	25.164,1	263,8	5.450,1	23.603,1	222,7	4.779,5	21.828,9	204,2	4.237,8	19.988,8	182,1	3.766,7	17.783,4

* Datos en miles. Datos do cuarto trimestre de cada ano.
Fonte: INE (EPA) e Eurostat.

4.3. Poboación activa e taxa de actividade

4.3.1. Poboación activa

O cadro 4.16, que resume o comportamento en valor absoluto, porcentaxe e variacións da poboación activa por CC.AA., reflicte os seguintes resultados:

- A poboación activa galega no cuarto trimestre de 2017 totalizou 1.237.900 persoas, 16.000 menos que no ano anterior, cunha caída respecto a 2016 do 1,28%.
- A participación de Galicia na poboación activa de España en 2017 (5,4%) segue na mesma porcentaxe que o ano anterior.
- Na desagregación rexional compróbase que en 2017 a poboación activa subiu en dez CC.AA., e fíxoo con especial intensidade, respecto ao ano anterior en Baleares (2,0%). As CC.AA. de maiores porcentaxes de caída foron Castela-A Mancha (-3,4%) e Aragón (-1,6%).

Cadro 4.16

Poboación activa por comunidades autónomas. 2013-2017*

	Miles					Distribución porcentual					Variacións anuais									
											Miles					%				
	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017
Andalucía	4.033,5	4.077,6	4.017,7	3.965,6	3.932,2	17,5	17,7	17,6	17,4	17,3	-17,7	44,1	-59,9	-52,1	-33,4	-0,4	1,1	-1,5	-1,3	-0,8
Aragón	649,4	647,2	642,0	648,6	638,3	2,8	2,8	2,8	2,9	2,8	-24,5	-2,2	-5,2	6,6	-10,3	-3,6	-0,3	-0,8	1,0	-1,6
Asturias	484,1	473,7	471,2	461,0	455,0	2,1	2,1	2,1	2,0	2,0	-5,4	-10,4	-2,5	-10,2	-6,0	-1,1	-2,1	-0,5	-2,2	-1,3
Baleares	589,5	589,9	604,3	593,5	595,5	2,6	2,6	2,6	2,6	2,6	-14,3	1,4	14,4	-10,8	2,0	-2,4	0,2	2,4	-1,8	0,3
Canarias	1.104,0	1.100,8	1.110,4	1.100,3	1.118,3	4,8	4,8	4,9	4,8	4,9	3,4	-3,2	9,6	-10,1	18,0	0,3	-0,3	0,9	-0,9	1,6
Cantabria	282,1	278,0	274,6	276,5	274,6	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	-3,3	-4,1	-3,4	1,9	-1,9	-1,2	-1,5	-1,2	0,7	-0,7
Castela e León	1.165,7	1.155,3	1.145,3	1.142,0	1.119,2	5,1	5,0	5,0	5,0	4,9	-11,3	-10,4	-10,0	-3,3	-22,8	-1,0	-0,9	-0,9	-0,3	-2,0
Castela-A Mancha	1.008,8	993,5	988,6	989,2	955,6	4,4	4,3	4,3	4,3	4,2	-7,1	-15,3	-4,9	0,6	-33,6	-0,7	-1,5	-0,5	0,1	-3,4
Cataluña	3.836,3	3.804,6	3.770,5	3.761,1	3.795,4	16,6	16,5	16,5	16,5	16,7	-49,4	-33,7	-34,1	-9,4	34,3	-1,3	-0,9	-0,9	-0,2	0,9
C. Valenciana	2.461,9	2.424,8	2.426,0	2.441,2	2.445,8	10,7	10,5	10,6	10,7	10,7	-10,3	-37,1	1,2	15,2	4,6	-0,4	-1,5	0,0	0,6	0,2
Extremadura	506,4	506,6	500,5	499,3	493,2	2,2	2,2	2,2	2,2	2,2	-9,6	0,2	-6,1	-1,2	-6,1	-1,9	0,0	-1,2	-0,2	-1,2
Galicia	1.283,5	1.264,3	1.255,2	1.253,9	1.237,9	5,6	5,5	5,5	5,5	5,4	-27,2	-19,2	-9,1	-1,3	-16,0	-2,1	-1,5	-0,7	-0,1	-1,3
Madrid	3.352,0	3.401,4	3.408,5	3.349,9	3.393,5	14,5	14,8	14,9	14,7	14,9	-87,9	49,4	7,1	-58,6	43,6	-2,6	1,5	0,2	-1,7	1,3
Marcia	725,0	722,1	701,2	702,0	708,3	3,1	3,1	3,1	3,1	3,1	2,6	-2,9	-20,9	0,8	6,3	0,4	-0,4	-2,9	0,1	0,9
Navarra	310,3	310,7	305,7	308,2	310,1	1,3	1,3	1,3	1,4	1,4	-7,9	0,4	-5,0	2,5	1,9	-2,5	0,1	-1,6	0,8	0,6
País Vasco	1.045,3	1.048,6	1.027,4	1.028,3	1.024,2	4,5	4,6	4,5	4,5	4,5	-22,9	3,3	-21,2	0,9	-4,1	-2,1	0,3	-2,0	0,1	-0,4
A Ríoxa	157,4	154,0	153,8	152,4	152,9	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	1,3	-3,4	-0,2	-1,4	0,5	0,8	-2,2	-0,1	-0,9	0,3
Ceuta	36,3	36,4	36,2	35,9	37,3	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,7	1,1	-3,2	-0,3	1,4	1,9	2,9	-8,1	-0,8	3,9
Huelva	36,3	34,4	34,6	37,2	38,0	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	1,1	-1,9	0,2	2,6	0,8	3,1	-5,2	0,6	7,5	2,2
España	23.070,9	23.026,8	22.873,7	22.745,9	22.765,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	-289,5	-44,1	-153,1	-127,8	19,1	-1,2	-0,2	-0,7	-0,6	0,1

* Os datos corresponden á serie revisada incorporando a nova base poboacional da EPA actualizada coas estimacións derivadas do Censo de Poboación e Viviendas de 2011 en substitución da baseada no Censo 2001.
Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Informe Trimestral de Análisis del Mercado de Trabajo , nº 24, marzo 2018)

4.3.2. Taxa de actividade

O cadro 4.17 recolle os valores do cuarto trimestre no último quinquenio da taxa de actividade da poboación de 16 a 64 anos nas distintas CC.AA.:

- En Galicia foi do 72,9% en 2017, catro décimas máis que no ano anterior, e 2,2 puntos porcentuais por baixo da taxa estatal.
- A taxa de actividade subiu en dez CC.AA. e baixou no resto. O maior crecemento en 2017 foi na Cidade Autónoma de Ceuta (3,98 puntos porcentuais) e a diminución máis grande, na Cidade Autónoma de Melilla (-1,22 puntos porcentuais).
- Madrid (79,0%) e Cataluña (78,6%) tiveron en 2017 as taxas máis altas, mentres que as máis baixas foron as das dúas cidades autónomas (68,9%) e a de Andalucía (70,8%). Galicia quedou en 2017, un ano máis, na parte baixa da clasificación das CC.AA.

Cadro 4.17

	Valores das taxas en porcentaxe					Variacións anuais en puntos porcentuais				
	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017
España	75,33	75,60	75,38	75,14	75,07	0,10	0,27	-0,22	-0,24	-0,07
Andalucía	72,38	73,13	72,18	71,39	70,87	0,06	0,75	-0,95	-0,79	-0,52
Aragón	76,26	76,52	76,55	77,47	76,85	-1,59	0,26	0,03	0,92	-0,62
Asturias	69,93	69,92	70,36	69,71	69,50	0,27	-0,01	0,44	-0,65	-0,21
Baleares	76,63	76,53	77,86	76,07	74,93	-1,59	-0,10	1,33	-1,79	-1,14
Canarias	74,52	74,02	74,40	73,74	73,58	0,03	-0,50	0,38	-0,66	-0,16
Cantabria	72,99	72,51	72,20	73,57	73,36	0,27	-0,48	-0,31	1,37	-0,21
C. A Mancha	73,77	74,24	74,38	74,63	74,35	0,45	0,47	0,14	0,25	-0,28
C. León	74,34	73,87	74,13	74,37	75,41	0,54	-0,47	0,26	0,24	1,04
Cataluña	79,15	79,12	78,67	78,48	78,60	0,59	-0,03	-0,45	-0,19	0,12
C. Valenciana	75,36	74,92	75,44	76,06	76,17	0,60	-0,44	0,52	0,62	0,11
Extremadura	70,80	71,38	70,70	71,06	70,86	-1,10	0,58	-0,68	0,36	-0,20
Galicia	72,82	72,63	72,76	73,28	72,88	-0,57	-0,19	0,13	0,52	-0,40
Madrid	78,75	80,00	80,16	78,84	79,04	-0,08	1,25	0,16	-1,32	0,20
Murcia	74,36	74,60	72,71	72,60	72,90	0,52	0,24	-1,89	-0,11	0,30
Navarra	75,35	75,98	74,85	75,54	75,71	-0,73	0,63	-1,13	0,69	0,17
País Vasco	75,33	76,09	74,96	75,56	75,33	0,02	0,76	-1,13	0,60	-0,23
A Ríoxa	77,53	76,16	77,11	76,43	76,83	2,23	-1,37	0,95	-0,68	0,40
Ceuta	68,61	68,62	64,33	64,96	68,94	0,46	0,01	-4,29	0,63	3,98
Melilla	67,46	65,39	64,43	68,17	66,95	4,90	-2,07	-0,96	3,74	-1,22

*Da poboación de 16 a 64 anos.

Fonte: INE, EPA. 4º trimestre de cada ano (cadro tomado de: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, Informe Trimestral de Análisis del Mercado de Trabajo, nº 124, marzo 2018)

O cadro 4.18 permite estudar a diferenciación por sexos da taxa de actividade por CC.AA. e do total español.

Cadro 4.18

Taxa de actividade*. Por comunidades autónomas e sexo. 2013-2017

	Taxa de actividade					Variación da taxa en puntos porcentuais				
	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017
HOMES										
España	80,74	81,02	80,55	80,22	80,09	-0,18	0,28	-0,47	-0,33	-0,13
Andalucía	78,71	79,53	78,39	78,24	77,57	0,23	0,82	-0,14	-0,15	-0,67
Aragón	81,45	82,26	81,87	82,80	81,92	-2,02	0,81	-0,39	0,93	-0,88
Asturias	74,53	73,74	72,48	73,26	72,30	-0,16	-0,79	-1,26	0,78	-0,96
Baleares	83,41	82,13	81,50	80,48	80,51	-0,33	-1,28	-0,63	-1,02	0,03
Canarias	79,94	79,17	80,68	78,09	77,74	0,14	-0,77	1,51	-2,59	-0,35
Cantabria	78,71	78,46	77,29	77,92	77,53	-0,09	-0,25	-1,17	0,63	-0,39
Castela-A Mancha	79,36	80,01	79,77	79,91	79,42	-0,64	0,65	-0,24	0,14	-0,49
Castela e León	82,02	81,23	80,60	81,85	82,20	0,43	-0,79	-0,63	1,25	0,35
Cataluña	83,84	83,72	83,28	82,50	82,85	0,30	-0,12	-0,44	-0,78	0,35
C. Valenciana	81,13	81,27	80,78	80,36	81,21	-0,54	0,14	-0,49	-0,42	0,85
Estremadura	76,64	78,66	77,75	77,95	77,85	-2,40	2,02	-0,91	0,20	-0,10
Galicia	76,78	76,63	76,42	77,07	76,14	-1,17	-0,15	-0,21	0,65	-0,93
Madrid	82,98	84,18	84,41	83,05	82,88	-0,37	1,20	0,23	-1,36	-0,17
Murcia	81,62	81,38	80,06	79,44	80,01	0,92	-0,24	-1,32	-0,62	0,57
Navarra	80,63	81,00	78,22	79,55	79,99	-0,04	0,37	-2,78	1,33	0,44
País Vasco	79,91	80,14	79,38	80,63	79,74	0,01	0,23	-0,76	1,25	-0,89
A Ríoxa	81,64	81,60	83,68	81,66	82,36	0,06	-0,04	2,08	-2,02	0,70
Ceuta	77,07	79,41	74,78	72,11	77,05	-0,28	2,34	-4,63	-2,67	4,94
Melilla	79,25	72,81	77,73	80,33	76,98	8,54	-6,44	3,92	2,60	-3,35
MULLERES										
España	69,87	70,16	70,19	70,05	70,04	0,40	0,29	0,03	-0,14	-0,01
Andalucía	65,97	66,66	65,91	64,47	64,12	-0,09	0,69	-0,75	-1,44	-0,35
Aragón	70,86	70,55	71,05	71,98	71,64	-1,13	-0,31	0,50	0,93	-0,34
Asturias	65,40	66,16	68,29	66,22	66,76	0,70	0,76	2,13	-2,07	0,54
Baleares	69,65	70,79	74,13	71,55	69,22	-2,85	1,14	3,34	-2,58	-2,33
Canarias	69,04	68,82	68,08	69,36	69,39	-0,05	-0,22	-0,74	1,28	0,03
Cantabria	67,21	66,50	67,07	69,20	69,18	0,64	-0,71	0,57	2,13	-0,02
Castela-A Mancha	67,93	68,22	68,78	69,14	69,10	1,59	0,29	0,56	0,36	-0,04
Castela e León	66,14	66,02	67,24	66,44	68,22	0,68	-0,12	1,22	-0,80	1,78
Cataluña	74,44	74,52	74,06	74,48	74,39	0,93	0,08	-0,46	0,42	-0,09
C. Valenciana	69,49	68,48	70,04	71,71	71,08	1,79	-1,01	1,56	1,67	-0,63
Estremadura	64,67	63,75	63,30	63,85	63,59	0,26	-0,92	-0,45	0,55	-0,26
Galicia	68,89	68,65	69,13	69,52	69,67	0,04	-0,24	0,48	0,39	0,15
Madrid	74,73	76,02	76,11	74,84	75,39	0,22	1,29	0,09	-1,27	0,55
Murcia	66,75	67,52	65,05	65,47	65,50	0,14	0,77	-2,47	0,42	0,03
Navarra	69,89	70,79	71,38	71,43	71,33	-1,39	0,90	0,59	0,05	-0,10
País Vasco	70,77	72,07	70,60	70,56	70,96	0,06	1,30	-1,47	-0,04	0,40
A Ríoxa	73,31	70,58	70,43	71,12	71,21	4,65	-2,73	-0,15	0,69	0,09
Ceuta	59,45	56,76	53,04	57,04	60,77	1,50	-2,69	-3,72	4,00	3,73
Melilla	55,14	57,80	51,81	56,18	56,13	1,48	2,66	-5,99	4,37	-0,05

*Da poboación de 16 a 64 anos.

Fonte: INE. EPA, datos do 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Informe Trimestral de Análisis del Mercado de Trabajo, nº 124, marzo 2018)

4.4. Poboación ocupada. Taxa de ocupación

Este apartado céntrase na análise da poboación ocupada. En primeiro lugar, estúdase a súa evolución nos últimos anos por CC.AA.; despois faise o mesmo coa taxa de ocupación, para situar os resultados no contexto estatal e da UE. Posteriormente analízase a distribución por sexos, provincias, sectores económicos, situación profesional e tipos de contrato.

4.4.1. Poboación ocupada

O cadro 4.19 recolle os datos da poboación ocupada en cada unha das CC.AA. no cuarto trimestre ao longo do último quinquenio (2013-2017), así como a porcentaxe que cada comunidade representa no emprego total español e máis a variación que presentou cada unha delas. Salientar que:

- Galicia pechou 2017 con 1.055.800 persoas ocupadas, tras a creación de emprego neto no último ano (6.200 postos de traballo).

- A suba porcentual da poboación ocupada de Galicia en 2017 (0,6%) foi notablemente inferior á do conxunto do Estado (2,6%).

-O emprego subiu no ano 2017 en todas as CC.AA.; agás en Asturias (-1,4%), Cantabria (-1,3%), Castela e León (-0,7%) e A Ríoxa (-0,4%). As maiores porcentaxes de suba da ocupación rexistráronse nese ano en Canarias (5,5%) e Andalucía (4,4%).

- A participación de Galicia no total de ocupación española en 2017 mantívose practicamente na mesma porcentaxe do ano anterior, o 5,6%.

Cadro 4.19

Poboación ocupada. Por comunidades autónomas. 2012-2017*																					
	Miles					Distribución porcentual					Variacións anuais										
											Miles					%					
	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017	
Andalucía	2.571,0	2.681,8	2.819,4	2.845,3	2.971,6	15,0	15,3	15,6	15,4	15,6	-33,4	110,8	137,6	25,9	126,3	-1,3	4,3	5,1	0,9	4,4	
Aragón	515,7	526,5	548,3	560,8	565,7	3,0	3,0	3,0	3,0	3,0	-32,0	10,8	21,8	12,5	4,9	-5,8	2,1	4,1	2,3	0,9	
Asturias	376,2	375,2	375,4	393,8	388,4	2,2	2,1	2,1	2,1	2,0	3,3	-1,0	0,2	18,4	-5,4	0,9	-0,3	0,1	4,9	-1,4	
Baleares	454,8	478,5	501,5	511,6	520,3	2,7	2,7	2,8	2,8	2,7	-1,5	23,7	23,0	10,1	8,7	-0,3	5,2	4,8	2,0	1,7	
Canarias	738,7	758,7	813,3	826,3	871,8	4,3	4,3	4,5	4,5	4,6	-3,1	20,0	54,6	13,0	45,5	-0,4	2,7	7,2	1,6	5,5	
Cantabria	226,2	226,8	226,0	240,8	237,6	1,3	1,3	1,2	1,3	1,3	-4,4	0,6	-0,8	14,8	-3,2	-1,9	0,3	-0,4	6,5	-1,3	
Castela e León	909,0	921,0	943,9	972,9	965,8	5,3	5,2	5,2	5,3	5,1	-23,9	12,0	22,9	29,0	-7,1	-2,6	1,3	2,5	3,1	-0,7	
Castela-A Mancha	716,4	710,3	741,7	770,1	799,1	4,2	4,0	4,1	4,2	4,2	6,0	-6,1	31,4	28,4	29,0	0,8	-0,9	4,4	3,8	3,8	
Cataluña	2.998,8	3.048,1	3.101,9	3.202,6	3.316,2	17,5	17,3	17,1	17,3	17,5	36,7	49,3	53,8	100,7	113,6	1,2	1,6	1,8	3,2	3,5	
C. Valenciana	1.793,5	1.855,4	1.905,6	1.973,8	2.035,8	10,5	10,6	10,5	10,7	10,7	4,1	61,9	50,2	68,2	62,0	0,2	3,5	2,7	3,6	3,1	
Extremadura	342,4	354,8	360,0	358,0	369,3	2,0	2,0	2,0	1,9	1,9	1,7	12,4	5,2	-2,0	11,3	0,5	3,6	1,5	-0,6	3,2	
Galicia	1.002,6	1.000,4	1.032,5	1.049,6	1.055,8	5,9	5,7	5,7	5,7	5,6	-31,2	-2,2	32,1	17,1	6,2	-3,0	-0,2	3,2	1,7	0,6	
Madrid	2.666,4	2.789,0	2.845,7	2.860,8	2.927,0	15,6	15,9	15,7	15,5	15,4	-109,0	122,6	56,7	15,1	66,2	-3,9	4,6	2,0	0,5	2,3	
Murcia	518,4	525,3	536,3	571,6	586,4	3,0	3,0	3,0	3,1	3,1	8,2	6,9	11,0	35,3	14,8	1,6	1,3	2,1	6,6	2,6	
Navarra	259,3	264,3	264,4	277,3	280,2	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5	-4,3	5,0	0,1	12,9	2,9	-1,6	1,9	0,0	4,9	1,0	
País Vasco	872,0	874,5	894,9	902,1	915,9	5,1	5,0	4,9	4,9	4,8	-18,9	2,5	20,4	7,2	13,8	-2,1	0,3	2,3	0,8	1,5	
A Ríoxa	125,5	127,5	132,3	135,8	135,3	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	-1,2	2,0	4,8	3,5	-0,5	-0,9	1,6	3,8	2,6	-0,4	
Ceuta y Melilla	48,2	50,8	51,1	54,9	56,2	0,3	0,3	0,3	0,3	0,3	-1,3	2,6	0,3	3,8	1,3	-2,6	5,4	0,6	7,4	2,4	
España	17.135,2	17.569,1	18.094,2	18.508,1	18.998,4	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	-204,2	433,9	525,1	413,9	490,3	-1,2	2,5	3,0	2,3	2,6	

corresponden à serie
Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Informe Trimestral de Análisis del Mercado de Trabajo , nº 24, marzo 2018)

4.4.2. Taxa de ocupación

O cadro 4.20 sistematiza as taxas de ocupación da poboación de 16 a 64 anos nas distintas CC.AA. no cuarto trimestre do último trienio.

- A taxa galega en 2017 subiu respecto ao ano pasado en 0,81 puntos porcentuais (a media española fíxoo en 1,52 puntos).
- Galicia pechou 2017 cunha taxa de ocupación do 62%, 0,53 puntos por baixo da media estatal, mentres no ano anterior estaba 0,18 puntos por riba.
- En 2017 só catro CC.AA. recollen unha redución da taxa de ocupación. No cuarto trimestre de 2017 as CC.AA. con maiores taxas foron Madrid, Aragón, Comunidade Valenciana e Navarra (todas por riba do 68%), mentres que as menores as tiveron as dúas cidades autónomas, igual que no bienio anterior, Andalucía e Extremadura (as catro por baixo do 54%).

Cadro 4.20

Taxas de ocupación*. Por comunidades autónomas. 2013-2017

	Valores das taxas					Variacións anuais				
	En porcentaxe					En puntos porcentuais				
	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017
España	55,87	57,60	59,53	61,05	62,57	0,1	1,73	1,93	1,52	1,52
Andalucía	46,06	47,97	50,54	51,12	53,48	-0,37	1,91	2,57	0,58	2,36
Aragón	60,48	62,17	65,31	66,87	68,08	-2,68	1,69	3,14	1,56	1,21
Asturias	54,19	55,32	55,95	59,46	59,21	1,26	1,13	0,63	3,51	-0,25
Baleares	59,22	62,02	64,49	65,52	65,40	0,13	2,80	2,47	1,03	-0,12
Canarias	49,80	50,89	54,33	55,26	57,27	-0,24	1,09	3,44	0,93	2,01
Cantabria	58,49	59,08	59,32	64,06	63,40	-0,21	0,59	0,24	4,74	-0,66
Castela e León	57,47	59,12	61,20	63,43	64,09	-0,57	1,65	2,08	2,23	0,66
Castela- A Mancha	52,68	52,75	55,55	57,87	60,47	1,16	0,07	2,80	2,32	2,60
Cataluña	61,74	63,33	64,65	66,78	68,63	2,02	1,59	1,32	2,13	1,85
C. Valenciana	54,81	57,24	59,18	61,40	68,33	0,78	2,43	1,94	2,22	6,93
Extremadura	47,78	49,91	50,75	50,86	52,98	0,37	2,13	0,84	0,11	2,12
Galicia	56,76	57,37	59,74	61,23	62,04	-1,0	0,61	2,37	1,49	0,81
Madrid	62,65	65,52	66,84	67,26	68,09	-0,83	2,87	1,32	0,42	0,83
Murcia	53,06	54,20	55,57	59,05	60,29	1,04	1,14	1,37	3,48	1,24
Navarra	62,96	64,60	64,66	67,92	68,37	0,05	1,64	0,06	3,26	0,45
País Vasco	62,78	63,40	65,24	66,26	67,32	0,05	0,62	1,84	1,02	1,06
A Rioxa	61,76	62,96	66,28	68,02	67,91	0,70	1,20	3,32	1,74	-0,11
Ceuta	43,08	46,28	49,32	50,35	50,87	0,73	3,20	3,04	1,03	0,52
Melilla	44,54	45,92	43,50	49,39	50,26	-1,44	1,38	-2,42	5,89	0,87

*Da poboación de 16 a 64 anos.

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, *Informe Trimestral de Análisis del Mercado de Trabajo*, nº 124, marzo 2018)

O cadro 4.21 representa a desagregación por sexos das taxas de ocupación das distintas CC.AA.

Cadro 4.21

Taxas de ocupación⁽¹⁾. Por comunidades autónomas e sexos. 2013-2017*

	Valores das taxas					Variacións En puntos porcentuais				
	2013	2014	2015	2016	2017	2013	2014	2015	2016	2017
HOMES										
España	60,42	62,45	64,76	66,31	68,02	0,18	2,03	2,31	1,55	1,71
Andalucía	51,80	54,23	56,91	58,02	60,70	0,25	2,43	2,68	1,11	2,68
Aragón	65,04	69,46	72,16	73,21	74,74	-4,49	4,42	2,70	1,05	1,53
Asturias	58,45	58,66	57,09	62,25	62,08	1,56	0,21	-1,57	5,16	-0,17
Baleares	63,00	65,73	67,20	70,03	69,31	-0,20	2,73	1,47	2,83	-0,72
Canarias	52,49	55,17	59,52	59,70	62,09	-0,85	2,68	4,35	0,18	2,39
Cantabria	64,08	63,26	63,91	68,02	67,35	0,51	-0,82	0,65	4,11	-0,67
